

CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO ORIENTACIÓN CURSO 2019/2020

ORDE do 9 de outubro de 2019 pola que se convoca concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestras/es para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial.

PRAZO DE SOLICITUDES : do 22 de outubro ao 12 de novembro

DOCENTES ENSINO PÚBLICO

APARTADO 1: Antigüidade	
1.1. Antigüidade no centro	
1.1.1. Como definitivo	
1º e 2º ano	2 puntos (0,1666 puntos por mes)
3º ano	4 puntos (0,333 puntos por mes)
4º ano e seguintes	6 puntos (0,5 puntos por mes)
1.1.2. Como provisional	2 puntos por ano (0,1666 por mes)
1.1.3. En posto de especial dificultade	Súmanse as puntuacións anteriores + 2 puntos por ano (0,1666 por mes)
1.2. Antigüidade no corpo	
1.2.1. Como funcionario/a no corpo	2 puntos por ano (0,1666 puntos por mes)
1.2.2. En corpos do mesmo ou superior subgrupo	1,5 puntos por ano (0,125 puntos por mes)
1.2.3. En corpos de inferior subgrupo	0,75 puntos por ano (0,0625 por mes)
	A folla de servizos pecha o último día do prazo para participar no concurso de traslados.
	A puntuación dos centros de difícil desempeño será consumible unha vez que serven para obter un novo destino.
	Os centros de difícil desempeño están recollidos no DOG do 17 de novembro de 2017 e no DOG do 24 de novembro de 2017
	A puntuación nun posto de especial dificultade puntúa desde que o centro é considerado como de especial dificultade no DOG (as últimas modificacións son desde o 1 de setembro de 2010).
	O profesorado que participa no concurso de traslados desde o seu primeiro destino definitivo acumula os puntos dos anos como funcionario de carreira en situación de provisionalidade e os anos coa praza definitiva. É dicir, puntúa polos apartados 1.1.1 e 1.1.2. Se ademais concurra desde un centro de difícil desempeño, engade a puntuación do 1.1.3.

APARTADO 2: Corpo de catedráticos	
Por ser funcionario/a de carreira dos corpos de catedráticos de secundaria, música e artes escénicas, escolas oficiais de idiomas e artes plásticas e deseño	5 puntos

APARTADO 3: Méritos académicos		MÁXIMO 10 PUNTOS
3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios		
3.1.1. Título de doutor/a	5 puntos	
3.1.2. Título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso na función pública (máis de 60 créditos)	3 puntos	
3.1.3. Suficiencia investigadora ou DEA	2 puntos	
3.1.4. Premio extraordinario de doutoramento, licenciatura ou grao, ou no caso das titulacións dos conservatorios, mención honorífica no grao superior	1 punto	
3.2. Outras titulacións universitarias		
3.2.1. Titulacións de grao	5 puntos	
3.2.2. Titulacións de 1º ciclo	3 puntos	
3.2.3. Titulacións de 2º ciclo	3 puntos	
3.3. Titulacións de EERE e de FP		
a) Por cada certificado de nivel C2 do MCER	4 puntos	
b) Por cada certificado de nivel C1 do MCER	3 puntos	
c) Por cada certificado de nivel B2 do MCER	2 puntos	
d) Por cada certificado de nivel B1 do MCER	1 punto	
e) Por cada título superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de FP	2 puntos	
f) Por cada título profesional de música ou danza	1,5 puntos	

- O nível básico das EOI non puntúa.
- O ciclo elemental das EOI equivale ao nivel intermedio e ao nivel B1 do MCER.
- O ciclo superior das EOI equivale ao nivel avanzado e ao nivel B2 do MCER.

NON PUNTUARÁN NESTE APARTADO OS CURSOS DE GALEGO NIN A SÚA VALIDACIÓN.

APARTADO 4: Cargos directivos e outras funcións

4.1. Director/a de centros públicos, CFR ou análogos	4 puntos por ano (0,3333 por mes)
4.2. Vicedirector/a, subdirector/a, secretario/a, xefe/a de estudos e asimilados en centros públicos	2,5 puntos por ano (0,2083 por mes)
4.3. Outras funcións docentes:	Ata 5 puntos
Por cada ano como coordinador de ciclo, coordinador do proxecto Abalar, asesor AMTEGA, coordinador de centro plurilingüe, coordinador de sección bilingüe, coordinador de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinador da dinamización das TIC, responsable/coordinador de biblioteca, responsable/coordinador da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador dos equipos de normalización e dinamización lingüística, coordinador do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador de formación en centros de traballo, coordinador de bacharelato internacional, coordinador de emprendemento, de programas internacionais, de innovación e formación do profesorado, de biblioteca de centro integrado, de residencia, xefe de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor de formación permanente, asesor ABALAR, asesor Siega, asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou director dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función tutorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE.	1 punto. A fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.

CCOO-ENSINO non está de acordo en que a función titorial se limite a ser titor/a dun grupo de alumnado. Demandamos que se clarifique este apartado na Comisión Superior de Persoal (CSP) da Conferencia Sectorial de Educación, para que se unifiquen criterios de puntuación para todas as comunidades autónomas.

APARTADO 5: Formación e perfeccionamento		MÁXIMO 10 PUNTOS
5.1. Actividades superadas 0,10 cada 10 horas	Máximo 6 puntos	
5.2. Actividades impartidas 0,10 cada 3 horas	Máximo 3 puntos	
5.3. Nova especialidade por oposición	1 punto por cada unha	
- Os cursos de formación de galego e as súas validacións puntúan neste apartado. Tamén se puntúan aquí os cursos de especialización. - Nos títulos onde figuren créditos, cada crédito puntúa como 10 horas. - As actividades de formación serán válidas se son homologadas ou se son organizadas (non ser só colaboracións) polas universidades. Teñen que incluír a sinatura do reitor e vicerreitor da universidade. - Nas actividades superadas súmanse todas as horas; non se puntúan o resto de horas inferiores a 10. - Nas actividades impartidas súmanse todas as horas; non se puntúan o resto de horas inferiores a 3. - Só puntuarán as actividades que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertence o/a participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación. - Non puntúan os cursos pertencentes a estudos que conducen á expedición dun título. - As coordinacións de cursos e grupos de traballo xa non puntúan como actividades impartidas. Todas as coordinacións realizadas ao abeiro da orde do 1 de marzo de 2007 puntuarán como cursos superados, xa que nesa orde os coordinadores/as se consideran participantes. CCOO OPÚXOSE A ESTA MODIFICACIÓN PORQUE CONSIDERAMOS QUE A COORDINACIÓN DEBE SER PUNTUABLE POR SÍ MESMA. - Para obter puntuación por outras titulacións, deberán presentarse cantos títulos se posúan, incluído o alegado para o ingreso no corpo.		

APARTADO 6: Outros méritos		MÁXIMO 15 PUNTOS
6.1. Publicacións		Ata 8 Puntos
a) Libros (en papel ou electrónico)		
Autor	Ata 1 punto	
Coautor	Ata 0,5 puntos	
3 autores	Ata 0,4 puntos	
4 autores	Ata 0,3 puntos	
5 autores	Ata 0,2 puntos	
máis de 5 autores	Ata 0,1 puntos	
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:		
Exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas. Certificado da editorial onde conste: título do libro, autoría, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, número de exemplares e difusión en librerías comerciais. Se non se difundiron en librerías comerciais, o certificado incluírá tamén os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).		
b) Revistas (en papel ou electrónico)		
Autor	Ata 0,2 puntos	
Coautor	Ata 0,1 puntos	
3 ou máis autores	Ata 0,05 puntos	
DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:		
Exemplares correspondentes ou copia simple Certificado onde conste: número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. Se non se difundiron en establecementos comerciais, o certificado incluírá tamén os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).		
* Para os documentos en formato electrónico (libros ou revistas):		
Informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicarse, ademais, o título da publicación, autoría, data da publicación e depósito legal. Ademáis, presentarse un exemplar impreso.		

6.2. Premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional, convocados polo Ministerio de Educación ou polas Administracións educativas das CCAA en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación ou pola participación nestes proxectos:

Ata 2,5 Puntos

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:

Acreditación da obtención dos premios correspondentes expedida polas entidades convocantes, ou da participación nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente.

6.3. Méritos artísticos e literarios

Ata 2,5 Puntos

- **Premios en exposicións ou concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional:**
Certificado da entidade que emite o premio, no que conste a persoa ou persoas premiadas, o ámbito e a categoría do premio.
- **Composicións ou coreografías estreadas como autor ou gravacións con depósito legal.**
Certificado ou documento acreditativo en que figure que é o autor/a e/ou intérprete e o seu depósito.
- **Concertos como director, solista, bailarín, solista na orquestra ou en agrupacións de cámara (dúos, tríos, cuartetos...):**
Programas en que conste a participación, e certificación da entidade organizadora onde conste a realización do concerto e a participación como director/a, solista ou con orquestra/grupo.
- **Por exposicións individuais ou colectivas.**

6.4. Postos na administración educativa

1,5 puntos por ano

Fotocopia compulsada do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, se continúa no posto.

6.5. Membros de tribunais de oposición desde o 2007

0,50 puntos por convocatoria

Certificado expedido polo órgano da administración educativa convocadora e que teña a custodia das actas dos tribunais destes procedementos

6.6. Titorías das prácticas do alumnado do título universitario oficial de máster ou dos títulos universitarios de grao

0,10 puntos por ano

Certificado expedido pola administración educativa competente ou, se é o caso, do director ou directora do centro público docente en que se realice a titoría, con indicación do curso académico e duración das prácticas

APARTADO 7: Méritos específicos

7.1. Por ter a habilitación/especialización en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe	2 puntos por especialidade
7.2. Coordinación de departamentos de orientación nun centro:	2 puntos por ano. 0,1666 puntos por cada mes completo
7.3. Por cada ano de servizo na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe	1 punto por ano. 0,1666 puntos por cada mes completo
7.4. Os anos de servizo activo nos EPSA ou nos EOE ou no Gabinete Psicopedagóxico da consellería	2 puntos por ano. 0,1666 puntos por cada mes completo



CUESTIÓN IMPORTANTE A TER EN CONTA:

- Os participantes deberán presentar no REXISTRO ou na SECRETARÍA do seu centro, a instancia de participación.
- Poden RENUNCIAR á resolución provisional, nun prazo de DEZ días naturais dende o seguinte á publicación da mesma, todos os participantes, obteñan ou non destino. **NON SE PODE RENUNCIAR** á resolución definitiva do concurso.
- Prazo de presentación de solicitudes: do 22 de outubro ao 12 de novembro.
- Todos os méritos alegados, teñen que estar recoñecidos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.
- Terán dereito preferente, a centro, localidade ou zona, o persoal funcionario docente do corpo de mestres ao que se lle suprimira o seu posto de traballo, sempre que continúen nesa situación e non perderan o dereito preferente consonte á normativa que regula o concurso de traslados e o persoal funcionario docente do corpo de mestres desprazado por falta de horario, entendendo por desprazado o mestre que non ten ningunha hora de docencia da súa especialidade, que posúan algunha das seguintes titulacións: doutor ou licenciado en psicopedagogía, ou en pedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía) ou que foran diplomados nas Escolas Universitarias de Psicoloxía ata 1974.
- Para a provisión das prazas que se cubrirán neste concurso, cando non se adxudiquen a través dos méritos preferentes, terán prioridade as mestras ou mestres que posúan algunha das titulacións relacionadas anteriormente.
- Os profesores que obteñan destino definitivo para o curso 2019-2020 nesta convocatoria e participen no concurso xeral de traslados, entenderase que renuncian a este último

CCOO ENSINO OPINA

- Solicitamos un incremento dos Equipos de Orientación Específicos, pasando de provinciais a comarcais.
- Denunciamos a posibilidade de que haxa mestres sen titulación adecuada que accedan a estes postos. Neses casos non poden pasar probas diagnósticas pola falta da titulación. Esiximos que se modifique a normativa de forma que a titulación sexa un requisito en lugar dun mérito.
- Esiximos negociar e coñecer a rede de orientación de Galicia. É inadmisíble que sigamos traballando na inseguridade que da non ter unha rede.
- Demandamos que os centros adscritos deben coñecerse con anterioridade ao concurso e nos casos que os cambien a posteriori debe ofertarse a posibilidade de supresión a titular do DOC.
- Demandamos que se incorpore como persoal que poida participar a aquel que tendo destino definitivo en Galicia estea en comisión de servizos noutras comunidades ACEPTADO. A CONSELLERÍA REVISARÁ A REDACCIÓN DA ORDE PARA CONTEMPLAR A ESTE PERSOAL
- Propomos establecer un procedemento que as solicitudes se poidan presentar de modo telemático. NON ACEPTADO, CONTESTAN QUE E PODE FACER XA COMO SOLICITUDE XENÉRICA
- Demandamos que se publique unha lista provisional de puntuacións con prazo establecido para reclamacións.



Os nosos locais

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 8, 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32003
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

